



ASUNTO: LISTAXE TRIMESTRAL DE QUEIXAS E RECLAMACIÓNS DOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DO ANO 2018.

Vistas as solicitudes de reclamacións e as suxestións achegadas no período comprendido entre os meses de xaneiro a marzo do presente ano, ao abeiro do establecido no artigo 168 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións do Concello de Pontevedra (Texto Refundido con modificacións publicadas no BOP núm. 208, de 27 de outubro de 2008, BOP núm. 47, de 10 de marzo de 2009 e BOP núm. 91, de 12 de maio de 2011). Emítese listaxe trimestral das reclamacións e suxestións tramitadas na oficina de información e atención ao cidadán, das que non foron admitidas a trámite e das tramitadas noutros servizos obxecto de seguimento pola dita oficina.

1. RELACIÓN DE QUEIXAS TRAMITADAS NA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN

| Núm. | EXPTÉ. | SERVIZOS | TRÁMITES | SOLUCIÓNS |
|------|--|---|--|--|
| 1 | 2017/SUXRECLA/000039 Reclamación pola limpeza de maleza no lugar de Lusquiños na parroquia de Tomeza | Disciplina Urbanística OTMAIES | Rexistro 27/07/2017 Iniciación 28/07/2017 Informe 25/01/2018 Notificación 8/02/2018 Arquivo 15/02/2018 | Comunícase a comprobación da recente roza das parcelas obxecto de denuncia, presentando un correcto estado de conservación e dando polo tanto cumprimento ó relativo ós deberes de uso, conservación e rehabilitación. |
| 2 | 2017/SUXRECLA/000069 Reclamación por falta de persoal para informar no Servizo de Disciplina Urbanística | Disciplina Urbanística | Rexistro 20/11/2017 Iniciación 22/11/2017 Informe 21/02/2018 Notificación 22/02/2018 Arquivo 16/03/2018 | Remítese o informe do xefe de Servizo de Disciplina Urbanística, explicando que as consultas específicas cando dito técnico se atopa ausente, non poderán obter resposta. Inclusive ás veces, se a información reviste certa complexidade, non se poderá dar cumprida información no propio momento, xa que esixe unha posterior e cautelosa resposta. |
| 3 | 2017/SUXRECLA/000071 Suxestión en relación ao uso da pista de squash do Complexo Deportivo de Campolongo | Servizo de Deportes | Rexistro 11/12/2017 Iniciación 12/12/2017 Informe 20/03/2018 Notificación 21/03/2018 Arquivo 27/03/2018 | Comunícase a información remitida polo director de Deportes, que fai referencia a alta demanda de uso, que fai necesario un esforzo de xestión para a máxima coordinación dos espazos da instalación. Remítense asemade. Os horarios da pista de squash |
| 4 | 2017/SUXRECLA/000072 Queixa pola queima incontrolada de refugallos contaminantes na contorna da Estación | Policía Local | Rexistro 13/12/2017 Iniciación 14/12/2017 Informe 13/03/2018 Notificación 14/03/2018 Arquivo 15/03/2018 | Remítese informe da Policía Local, no que da conta dos desprazamentos de comprobación e constancia dunha única fogueira na data 18/12/2016 no lugar dos feitos. Realizouse chamada telefónica á interesada. |
| 5 | 2018/SUXRECLA/000002 Reclamación pola obriga de relacionarse electronicamente co Concello de Pontevedra | Secretaría e Asuntos Xerais | Rexistro 21/12/2017 Iniciación 4/01/2018 Informe 6/03/2018 Notificación 7/03/2018 Arquivo 16/03/2018 | Remítese o informe e comunícaselle a obriga das persoas que se sinalan no artigo 14,2 a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, dende a entrada en vigor da Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas. |
| 6 | 2018/SUXRECLA/000003 Reclamación pola ausencia de cartel informativo co horario do Servizo do Padrón Municipal | Secretaría e Asuntos Xerais | Rexistro 26/12/2017 Iniciación 4/01/2018 Notificación 20/03/2018 Arquivo 20/03/2018 | Comunícase a instalación dunha lenda informativa na porta do servizo e infórmaselle que figura na web do Concello. Infórmasese asemade do procedemento de solicitude telemática de certificados. |
| 7 | 2018/SUXRECLA/000006 Queixa polo proceso de selección aos postos de despacho de billetes do Pazo da Cultura e o Teatro | Dirección – xerencia do Pazo da Cultura | Rexistro 12/01/2018 Iniciación 15/01/2018 Informe 12/03/2018 Resolución 10/04/2018 Intento de Notificación 5/03/2017 | Remítese o informe da empresa contratada polo organismo autónomo <i>Pazo de Congressos e Exposicións</i> para a prestación do servizo de persoal das billeteiras do Teatro Principal e Pazo da Cultura. |
| 8 | 2018/SUXRECLA/000007 Queixa polo estado de conservación e mantemento de distintas beirarrúas deste municipio | Concellaría da Área de Sostemento de Espazos Públicos | Rexistro 11/01/2018 Iniciación 15/01/2018 Notificación 22/03/2018 Arquivo 27/03/2018 | Infórmasese que as intervencións de reparación e mantemento das vías urbanas, lévanse a cabo polas brigadas municipais de obras máis tres equipos da empresa concesionaria. O Concello leva executadas máis de 750 intervencións de mantemento nos barrios, o centro urbano e a zona monumental, nas que se inclúen algunha das rúas amentadas no seu |



| | | | | |
|----|--|--|--|--|
| | | | | escrito. As restantes, acometeráanse segundo a programación establecida no plan de obras. |
| 9 | 2018/SUXRECLA/000008 Suxestión propoñendo non autorizar a "festa das peñas" polo consumo de alcol na rúa | Cultura e Festas | Rexistro 18/01/2018 Iniciación 18/01/2018 Comunicación 6/03/2018 1º Intento notificación 12/03/2018 Mensaxe electrónica 9/04/2018 Arquivo 9/04/2018 | Remítese información da ordenanza municipal reguladora da protección da convivencia cidadá fronte ás alteracións sociais derivadas con consumo de bebidas nos espazos públicos e declaracións do portavoz da Policía Local, Cruz Vermella e centros de saúde. Nota.- A interesada recolleu en persoa a notificación o 2/07/2018 |
| 10 | 2018/SUXRECLA/000009 Suxestión solicitando retirar as esaxeracións raciais nos actos das Festas do Nadal | Servizo de Cultura | Rexistro 18/01/2018 Iniciación 18/01/2018 Solicitude de informe 23/02/2018 | Pendente do informe do xefe de Servizo de Cultura |
| 11 | 2018/SUXRECLA/000010 Solicita limpeza de solar situado na parte posterior do domicilio da rúa Angel Amor Ruibal | Disciplina Urbanística OTMAIES | Rexistro 20/01/2018 Iniciación 22/01/2018 | Este expediente é de Disciplina pero o remitiron a Isabel Couso para que o informe. 2017/MALEZAS/000177 Pendente do informe solicitado |
| 12 | 2018/SUXRECLA/000011 Queixa reiterando solicitude ao servizo de mantemento para reclamar a posta dun punto de luz | OTMAIES | Rexistro 25/01/2018 Iniciación 25/01/2018 Comunicación 28/02/2018 Arquivo 2/03/2018 | Comunícase que os electricistas desprazáronse ao lugar e realizaron a reparación. |
| 13 | 2018/SUXRECLA/000012 Queixa polo retraso na tramitación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade | Servizo de Benestar | Rexistro 25/01/2018 Iniciación 29/01/2018 Comunicación 1/03/2018 Arquivo 2/03/2018 | Comunícase que o xefe do servizo de Benestar Social infórmanos que a dita tarxeta foi expedida e recollida polo interesado nas oficinas do servizo, onde foi informado das circunstancias que se considerou relevantes relativas á reclamación. |
| 14 | 2018/SUXRECLA/000014 - (2018/SUXRECLA/000019 - 2018/SUXRECLA/000025) Suxestión para mellora da cidade en relación con excrementos de cans nas rúa | Medio Ambiente Natural | Rexistro 29/01/2018 Iniciación 31/01/2018 Notificación 26/02/2018 Arquivo 16/04/2018 | Achégase o informe emitido pola técnica de Medio Ambiente Natural do Concello, na que se da cumprida conta da actuación municipal en materia de xestión dos animais domésticos e de educación ambiental e xúntase bando de obrigas dos posuidores da animais domésticos. |
| 15 | 2018/SUXRECLA/000018 Reclamación manifestando desconformidade con intervención a usuaria dos servizos sociais deste Concello | Oficina Técnica de Servizos Sociais | Rexistro 6/02/2018 Iniciación 6/02/2018 Solicitude de informe 6/02/2018 | Pendente do informe da xefa de Servizo da Oficina Técnica de Benestar |
| 16 | 2018/SUXRECLA/000019 - (2018/SUXRECLA/000014 - 2018/SUXRECLA/000025) Suxestión relativa a evitar a presenza de excrementos de animais nas rúas da cidade | Medio Ambiente Natural | Rexistro 8/02/2018 Iniciación 9/02/2018 Notificación 27/02/2018 Devolución correos 22/03/2018 Mensaxe electrónica 23/03/2018 Arquivo 26/03/2018 | Achégase o informe emitido pola técnica de Medio Ambiente Natural do Concello, na que se da cumprida conta da actuación municipal en materia de xestión dos animais domésticos e de educación ambiental e xúntase bando de obrigas dos posuidores da animais domésticos. |
| 17 | 2018/SUXRECLA/000020 Queixa polo ruído procedente do establecemento "La Pomada" | Disciplina Urbanística | Rexistro 8/02/2018 Iniciación 9/02/2018 | Pendente do informe do xefe do Servizo de Disciplina Urbanística |
| 18 | 2018/SUXRECLA/000021 Suxestión relativa á continuidade das beirarrúas das rúas Palamios e Corpo Santo | Concellaría de Obras e Sostemento de Espazos | Rexistro 7/02/2018 Iniciación 9/02/2018 Notificación 19/04/2018 Arquivo 27/04/2018 | Dende a Concellaría agradéceselle a suxestión e comunícase que se procederá a o seu estudo, coa participación dos técnicos municipais e da Policía Local, tanto no ámbito da mobilidade peonil como na reordenación do tráfico rodado e as necesidades da mellora na accesibilidade |
| 19 | 2018/SUXRECLA/000023 Queixa pola situación actual no barrio de Mollavao | Concellaría de Obras e Sostemento de Espazos | Rexistro 18/02/2018 Iniciación 19/02/2018 Notificación 18/04/2018 Arquivo 23/04/2018 | Comunícase as proposicións plenarias e acordos adoptados no Pleno e na Xunta de Goberno dos trámites para a execución do proxecto en 2018. E as solicitudes ante a Xunta, Costas e a Deputación. |
| 20 | 2018/SUXRECLA/000024 Suxestión pola retirada de vehículo estacionado nunha praza reservada ás persoas con discapacidade | Policía Local | Rexistro 19/02/2018 Iniciación 19/02/2018 Informe 13/03/2018 Notificación 14/03/2018 Arquivo 15/03/2018 | Remítese informe da Policía local no que se informa do procedemento para solicitar a devolución do importe da sanción. |
| 21 | 2018/SUXRECLA/000025 - | Medio | Rexistro 20/02/2018 | Achégase o informe emitido pola técnica de Medio |



| | | | | |
|----|---|---|---|--|
| | (2018/SUXRECLA/000019 - 2018/SUXRECLA/000014) Suxestión relativa a evitar a presenza de excrementos de animais nas rúas da cidade | Ambiente Natural | Iniciación 21/02/2018 Notificación 27/02/2018 Arquivo 9/04/2018 | Ambiente Natural do Concello, na que se da cumprida conta da actuación municipal en materia de xestión dos animais domésticos e de educación ambiental e xúntase bando de obrigas dos posuidores da animais domésticos. |
| 22 | 2018/SUXRECLA/000026 Formula malestar por descentralización dos servizos da administración | Recadación executiva Patrimonio | Rexistro 2/03/2018 Iniciación 2/03/2018 Notificación 6/03/2018 Arquivo 20/03/2018 | Comunícase que o Concello ven de formalizar a adquisición dun novo local na rúa Ferreiros no que os servizos de Urbanismo e de Economía poderán estar unificados nunha soa planta, non como na actualidade que están repartidos nos edificios de Churruchaos, o Teatro Principal, o edificio de Michelena e Xofre de Tenorio |
| 23 | 2018/SUXRECLA/000027 Reclamación por desacordo co contido dun informe de atestado da policía local | Policía Local | Rexistro 23/02/2018 Iniciación 2/03/2018 Informe 8/03/2018 Notificación 14/03/2018 Arquivo 25/04/2018 | Achégase o informe emitido polo inspector da unidade de atestados, no que se dan as explicacións correspondentes no asunto da queixa formulada. |
| 24 | 2018/SUXRECLA/000028 Suxestión para instalación de semáforo e luminoso na Av. de Vigo activado a discreción do Servizo 112 | Concellaría de protección Cidadá Policía Bombeiros | Rexistro 8/03/2018 Iniciación 12/03/2018 Notificación 19/04/2018 Arquivo 25/04/2018 | Agradéceselle o seu interese. Comunícase que dende a Concellaría terémola en conta e procederase a realizar o seu estudo. Remítase copia á Policía Local e Bombeiros. |
| 25 | 2018/SUXRECLA/000029 Queixa por montaxe de carpa na Praza do Concello con motivo da celebración do Día de San Patricio | Servizo de Deportes | Rexistro 15/03/2018 Iniciación 20/03/2018 Notificación 4/05/2018 Arquivo 8/05/2018 | A concellaría de Deportes agradécelles as suxestións expostas e comprométese a estudalas para seren tidas en conta nas vindeiras edicións da antedita festa. |
| 26 | 2018/SUXRECLA/000030 Suxestión pola dificultade na subida da pendente do acceso das persoas con dificultade de mobilidade na rúa Michelena, 30 | Alcaldía | Rexistro 19/03/2018 Iniciación 20/03/2018 Notificación 23/05/2018 Arquivo 8/06/2018 | Comunícase que logo de barallar diferentes alternativas, optouse por alongar ao máximo os metros do acceso, coa finalidade de suavizar a pendente. E infórmase da instalación de un timbre. |
| 27 | 2018/SUXRECLA/000031 Queixa polo mal estado das canastras de baloncesto do pavillón de Cabanas | Servizo de Deportes | Rexistro 15/03/2018 Iniciación 20/03/2018 Informe 23/03/2018 Notificación 10/04/2018 Arquivo 23/04/2018 | Comunícase que con data 21/3/18 o técnico de mantemento do Pavillón informa que xa procedeu ao citado arranxo quedando as canastras en perfecto estado de uso. |
| 28 | 2018/SUXRECLA/000033 Queixa por non ser atendido por erro nos Servizos Sociais tendo cita previa | Servizo de Benestar | Rexistro 28/03/2018 Iniciación 9/04/2018 | Pendente do informe do xefe do Servizo de Benestar |
| 29 | 2018/SUXRECLA/000040 Queixa polo funcionamento do centro de día para persoas maiores Saraiva | Disciplina Urbanística | Rexistro 23/03/2018 Iniciación 26/04/2018 Informe | Pendente do informe do xefe do Servizo de Disciplina Urbanística |

2. RELACIÓN DE QUEIXAS DERIVADAS A OUTROS SERVIZOS POLA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN

| | EXPTE. | SERVIZOS | TRÁMITES | SOLUCIÓNS |
|---|--|---------------------------------|---|---|
| 1 | 2017/SUXRECLA/000066 Queixa por obstáculo na accesibilidade da beirarrúa no paso de peóns da rúa 12 de Novembro | OTA | Iniciación 16/11/2017 Comunicación e traslado 8/01/2017 Arquivo 18/01/2017 | Ao tratarse dunha comunicación de incidencias ou accións sucedidas nun tempo e lugar determinado, cómpre informar, como servizo responsable, á antedita Oficina. Coa finalidade de axilizar o trámite e determinar a empresa que realizou as anteditas obras, requiríndolle a adopción da mellor solución. |
| 2 | 2018/SUXRECLA/000001 Reclamación pola instalación de colectores de lixo baixo as vivendas na Avda. de Vigo | OTMAIES | Rexistro 18/12/2017 Iniciación 4/01/2018 Comunicación e traslado 16/02/2018 Arquivo 26/02/2018 | Comunícase a remisión da solicitude á xefatura técnica do Servizo de Medio Ambiente Urbano da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos |
| 3 | 2018/SUXRECLA/000004 Solicitude para o pintado de prazas aparcamento e acceso para peóns na rúa do cruceiro | Oficina Técnica de Arquitectura | Rexistro 28/12/2017 Iniciación 4/01/2018 Comunicación e traslado 20/03/2018 Arquivo | Examinada a instancia, este servizo pronúnciase declarando proceder a admisión a trámite coa consideración de solicitude, ao non proceder a consideración de suxestión ou reclamación. Polo que a oficina receptora dispuxo a súa remisión á Oficina Técnica de Arquitectura. Tense constancia da recepción da notificación pola interesada, posto que se personou na Oficina Técnica de Arquitectura co gallo do asunto. |
| 4 | 2018/SUXRECLA/000005 | Oficina | Rexistro 28/12/2017 | Declárase proceder a admitir a trámite o escrito coa |



| | | | | |
|---|---|----------------------------------|--|---|
| | Solicitude en relación a pintado de parede baixo a Ponte da Barca | Técnica de Arquitectura | Iniciación 4/01/2018 Comunicación e traslado 20/03/2018 Arquivo 9/04/2018 | consideración de solicitude, ao non proceder a consideración de suxestión ou reclamación. Dispúxose a súa remisión á Oficina Técnica de Arquitectura |
| 5 | 2018/SUXRECLA/0000013 Comunica deficiente estado beirarrúa diante de entrada a garaxe na rúa Manuel Cuña Novás | OTA | Rexistro 28/01/2018 Iniciación 29/01/2018 Comunicación e traslado 9/04/2018 | Examinada a instancia, este servizo pronúnciase declarando proceder a admisión a trámite coa consideración de solicitude e comunícase a súa remisión á Oficina Técnica de Arquitectura |
| 6 | 2018/SUXRECLA/0000015 Solicitude do aumento do núm. de colectores de reciclaxe na parroquia de Bora | Servizo de Medio Ambiente Urbano | Rexistro 1/02/2018 Iniciación 2/02/2018 Comunicación e traslado 20/03/2018 Arquivo 27/04/2018 | Declárase proceder a admitir a trámite o escrito coa consideración de solicitude, ao non proceder a consideración de suxestión ou reclamación. Dispúxose a súa remisión á xefatura do Servizo de Medio Ambiente Urbano, trasladando copia da mesma. |
| 7 | 2018/SUXRECLA/000022 Queixa por alimentar animais, sen retirar os restos de comida ou lixando os espazos públicos | Medio Ambiente Natural | Rexistro 7/02/2018 Iniciación 13/02/2018 Comunicación e traslado 15/02/2017 Arquivo 26/02/2018 | Comunícase a tramitación coa consideración de denuncia no Servizo de medio Ambiente Natural. |
| 8 | 2018/SUXRECLA/000032 Solicitude de incremento da iluminación e reparación da beirarrúa na rúa das Estrigueiras | OTA E OTMAIES | Rexistro 14/03/2018 Iniciación 20/03/2018 Comunicación e traslado 19/04/2017 Arquivo 27/04/2018 | Declárase proceder a admitir a trámite o escrito coa consideración de solicitude, ao non proceder a consideración de suxestión ou reclamación e comunícase a súa remisión á Oficina Técnica de Arquitectura e á OTMAIES |
| 9 | 2018/SUXRECLA/000034 Reitérase cambio de lugar de colector de lixo | Servizo de Medio Ambiente Urbano | Rexistro 30/03/2018 Iniciación 9/04/2018 Comunicación e traslado 7/05/2018 Arquivo 8/05/2018 | Remítese solicitude mediante aviso de creación de expediente á enxeñeira de Medio Ambiente Urbano |

3. RELACIÓN DE QUEIXAS EN TRÁMITE NOUTROS SERVIZOS OBXECTO DE SEGUIMENTO POLA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN.

| Núm. | Núm. Rexistro | SERVIZOS | DATA | SOLUCIÓNS |
|------|--|----------|---------------------|---|
| 1 | 2018002826 Queixa por caída provocada por elementos sobresaíntes na rúa Eduardo Pondal | OTMAIES | Rexistro 21/01/2018 | Comunícase que se dispuxo a súa remisión á xefatura da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos, trasladando copia do escrito. Dita oficina, comunicounos que realizou as actuacións necesarias para a reparación destes elementos. |

Pontevedra, na data que figura na sinatura electrónica.

